

PRESIDENTA:
DONA M^a VICTORIA ALONSO MEÉNDEZ

VOGAIS:
DONA OLGA M^a GARCÍA BALLESTEROS
DONA NOEMÍ OUTEDA PROL
DONA ANA MARIA MEJIAS SACALUGA
DONA IRIA LAMAS SALGUEIRO
D. SANTOS HECTOR RODRIGUEZ DIAZ
DONA MARÍA PAZ LAGO MARTÍNEZ
DON JORGE CUBELA LÓPEZ
D. MIGUEL DOMÍNGUEZ ALFONSO
D. JAVIER TOURÍS ROMERO
D. IGNACIO MARIL PARDO
D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
D. JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ
D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO
DONA MARÍA ORTEGA IÑARREA
DON CARLOS LOPEZ FONT
DON GORKA GÓMEZ DÍAZ

**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA
COMISION INFORMATIVA DE
IGUALDADE CELEBRADA O DIA 21 DE
DE MAIO 2021**

En Pontevedra, sendo as doce horas e trinta minutos do día 18 de xuño de 2021, reúnense no Salón de Plenos da Deputación de Pontevedra, baixo a Presidencia de Dona María Victoria Alonso Méndez, as señoras e señores deputados que ó marxe se sinalan, membros da Comisión Informativa de Igualdade.

Actúa como Secretaria, por delegación do Sr. Secretario Xeral, Dna. Lucía Muradas Arcay, xefa do Servizo de Igualdade. Aberta a Sesión pola Presidencia, adoptáronse os seguintes acordos:

1. APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 21 DE MAIO DE 2021.

A comisión acorda prestar aprobación, por unanimidade, a acta da sesión celebrada o día 21 de maio de 2021.

2. DAR CONTA DAS SELECCIONADAS DA I EDICIÓN DO PROGRAMA DESCÚBREAS

Dáse conta ás persoas asistentes das seleccionadas da I edición do Programa Descúbreas. A xefa do Servizo de Igualdade elabora un informe con data 15 de xuño 2021, sobre a concesión das bolsas de mentoria do programa Descúbreas cuxo contido literal é o seguinte:

“O programa DESCÚBREAS ten dous fíos condutores, por unha banda unha plataforma web que albergará tódolos contidos, cun directorio, axenda e tutoriais acerca do funcionamento da industria musical, unha consultaría on line, e por outra banda, un programa de mentoría dirixido a oito nenas e mozas de entre 16 e 26 anos da provincia de Pontevedra, e que terá como resultado a gravación das súas propias cancións e do seu propio vídeo-clip.”



Por Resolución Presidencial núm. 2021001585 de data 24 de marzo de 2021, aprobáronse as bases reguladoras da I edición do programa "Descúbreas", para a selección das oito rapazas participantes no programa de mentoría. Ditas bases publicáronse no BOPPO núm. 58 de 26 de marzo de 2021.

A esta convocatoria presentáronse un total de doce persoas. Tras requirimento de emenda de documentación, quedan para o proceso selectivo un total de 11 mozas.

De conformidade coa cláusula décima das bases reguladoras da I edición do programa "Descúbreas", mediante Resolución Presidencial núm. 2021002752, de 14 de maio de 2021, noméanse ás persoas integrantes do xurado encargadas de seleccionar as persoas participantes no programa de mentoría. Os días 10 e 11 de xuño de 2021, reúnen na Sala de Xuntas (planta baixa) do Pazo Provincial, para a selección das oito rapazas participantes no programa de mentoría do programa "Descúbreas".

Que con data 15 de xuño de 2021, Intervención fiscaliza e conforma o informe proposta de concesión destas bolsas.

Á vista das Actas das persoas integrantes do xurado, e comprobada a documentación aportada polas persoas participantes na correspondente solicitude de inscrición, revisada previamente na instrución polo Servizo de Igualdade, concédense as bolsas para participar no Programa de mentoría de Descúbreas, a favor das persoas seleccionadas que se relacionan a continuación,

NOME E APELIDOS	DNI	Expediente
Cortegoso Budiño, Inés	***7015**	2021020825
Ferreiro Camacho, Aroa	***9777**	2021020550
Ferreirós González, María	***9786**	2021019528
Gonzalez Rodriguez, Uxía	***8877**	2021020623
Martinez Puga, Laura	***9385**	2021021088
Moreira Bahamonde, Alicia	***7972**	2021017533
Pico Rosales, Eva	***6352**	2021020699
Sanmartín Nacimiento, Sara	***6668**	2021020974



O valor estimado de cada beca ascende a 1.000€. As oito participantes seleccionadas participarán nun proceso de mentoría titorizado por persoal especializado do programa "Descúbreas", cunha duración estimada de dous (2) meses, e terán acceso a:

- *Itinerario individualizado tendo en conta as características de cada alumna. Neste itinerariodetallarse as sesións de mentoring das que se fará o seguimento pormenorizado.*
- *Gravación dunha canción propia en estudio.*
- *Gravación e realización dun vídeo-clip de cada artista mentorizada"*

Non se levan a cabo intervencións neste apartado.

3. ROGOS E PREGUNTAS.

Non se levan a cabo intervencións neste apartado.

E non habendo máis asuntos, a presidenta levanta a sesión, sendo ás doce horas trinta e cinco minutos, do que eu, como secretaria, dou fe.

Asinada dixitalmente na data que figura na marxe.

